

**CONVO-
CATORIA
RESI-
DENCIAS
PARAÍSO
2 0 2 2**

rpm

SEIS ANOS DE PROGRA- MA

Por sexto ano consecutivo abrimos unha nova convocatoria anual de Residencias Paraíso, o programa de residencias artísticas para a danza e as artes vivas impulsado polo **Colectivo RPM**, como entidade independente adicada ao impulso da danza e a creación contemporánea en Galicia, e o apoio da **Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**, e das distintas institucións co-produtoras do programa, **Concello de Santiago**, **Concello da Coruña**, **Concello de Lugo**, **Concello de Ferrol**, **Concello de Carballo**, **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia** e **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**.

Residencias Paraíso pretende fomentar a aparición de novos proxectos de investigación e creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística do noso territorio, tanto a que xa existe como a que está por chegar. Normalizar o concepto de residencia artística resulta fundamental para o presente e o futuro das políticas culturais en Galicia porque signi-

fica atender e respectar o espazo e o tempo adicado á investigación artística, o verdadeiro xerme de todo o que virá.

O maior valor do programa de Residencias Paraíso é que sucede grazas a **unha rede que atravesamos de norte a sur o noso territorio a través da colaboración de espazos de distinta natureza, dende teatros ou centros culturais até espazos non convencionais**. As tipoloxías dos distintos espazos favorecen a acollida das diversas fases dun proxecto artístico, dende a investigación, a escritura, o traballo dramaturxico, a creación coreográfica ou incluso as residencias de carácter técnico.

Este exercicio de diálogo entre todas as partes, impulsores, co-produtores e espazos cómplices, é o que dota dunha identidade tan singular a este proxecto. Esta suma de forzas é capaz de construír esta **nova edición do programa para acoller até 8 proxectos en residencia cun importe total de 20.000€**.

1 ESPAZOS



CENTRO TORRENTE
BALLESTER (FERROL)
PAZO DA CULTURA
DE NARÓN

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO
(A CORUÑA)

O VELLO CÁRCERE
(LUGO)

PAZO DA CULTURA
DE CARBALLO

SALÓN TEATRO I CDG
CIDADE DA CULTURA
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)

IGREXA DA MADALENA
MOSTRA INTERNACIONAL
DE TEATRO DE RIBADAVIA

Teatro Rosalía de Castro

- O espazo de traballo é o escenario do teatro.
- Permite residencia técnica.
- Esta residencia é de curta duración, polo que se combina coa residencia no Centro Coreográfico Galego.
- A programación expandida sucede dentro do Festival Primavera TRC Danza 2022.

Centro Coreográfico Galego

- Sala dotada para o traballo de corpo, con linóleo.
- Esta residencia combínase coa residencia no Teatro Rosalía de Castro.

O Vello Cárcere de Lugo

- O espazo de traballo é unha cela.
- A programación expandida sucede dentro do programa Lugo en Danza 2022.

Pazo da Cultura de Carballo

- O espazo de traballo é unha sala polivalente con luz natural.
- A programación expandida sucede dentro do Festival FIOT 2022.

Igrexa da Madalena / MIT Ribadavia

- O espazo de traballo é unha igrexa.
- A programación expandida sucede dentro do programa da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.
- Esta residencia conta con aloxamento.

Centro Torrente Ballester de Ferrol

- O espazo de traballo é unha antiga capela cun pequeno escenario.
- A programación expandida sucede dentro do programa cultural municipal.

Pazo da Cultura de Narón

- O espazo de traballo é o escenario do teatro.
- Permite residencia técnica.

Salón Teatro / Cidade da Cultura de Galicia

- Residencia combinada.
- Permite residencia técnica dunha semana.
- Sala dotada para o traballo de corpo con luz natural durante dúas semanas.
- A programación expandida sucede dentro do marco de Residencias Artísticas do Gaiás, Cidade da Cultura.

2

ARTIS- TAS

Vídeos Artistas Paraíso 2017-2021

Residencias Paraíso vai na procura de **artistas de danza e artes vivas**, preocupadas e ocupadas polas derivas do seu tempo.

Diríxese a artistas **de Galicia, do resto do territorio estatal e, por primeira vez, se dirixe tamén a artistas de Portugal**. Artistas con maior ou menor traxectoria, que precisen recollerse de forma intensiva arredor dun proxecto de investigación ou creación durante dúas ou tres semanas nun dos espazos que forman parte da rede.

Valorarase a integridade e innovación artística da proposta, o grao de madurez e solidez do proxecto, a relación entre o proxecto e o territorio, así como as prácticas de programación expandida que poidan arroupar a estancia durante a residencia.

Residencias Paraíso contará cunha comisión de valoración composta por tres profesionais convidadas e dúas persoas do Colectivo RPM.

3

ENCON- TRO ILLA DE SAN SIMÓN

O programa de Residencias Paraíso está diseminado polo territorio entre os meses de abril e outubro no que cada artista traballa de maneira independente, polo que a cita anual do Encontro Paraíso supón a única coincidencia do grupo de artistas residentes de cada ano.

Por segundo ano é que o encontro anual de Residencias Paraíso sucede na **Illa de San Simón os días 23, 24 e 25 de setembro de 2022.**

Illa de San Simón é un marco único, dotado duns edificios e dunha natureza idóneos para un encontro deste tipo, xa que nos permite a convivencia e a posibilidade de afondar nas dinámicas do encontro ao longo de dúas xornadas.

O encontro contará coa presenza de cada artista residente 2022 e doutras persoas convidadas. Compartiremos as claves de cada experiencia en residencia e reflexionaremos de forma conxunta sobre temas transversais á nosa comunidade.

[Vídeo Encontro Illa de San Simón 2021](#)

4

CONDI- CIONES

Temporalidade

- As residencias ocorrerán entre abril e outubro.
- A duración de cada residencia será de entre dúas e tres semanas.
- No formulario de inscrición indicaranse as datas idóneas e as datas comprometidas para que Colectivo RPM poida atopar o encaixe entre a dispoñibilidade de artista e espazo.

Dotación económica

- O importe total destinado para este programa é de 20.000 € (impostos incluídos).
- Cada proxecto en residencia contará cunha dotación económica de entre 1.500 e 3.000 € (impostos incluídos) en función das características de cada proxecto seleccionado (persoas involucradas, duración da residencia, etc...)
- O aloxamento, desprazamento e manutención corre a cargo das persoas residentes.
- Realizarase un pago do 50% ao inicio do período de residencia e un segundo pago do 50% restante tralo encontro anual.

Espazos

- No formulario de inscrición ordenaranse os distintos espazos da rede por preferencia para que Colectivo RPM poida atopar o encaixe entre a preferencia de artista e a dispoñibilidade de espazo.

Obrigas

- Cumprirse a normativa de uso específica de cada un dos espazos onde se realice a residencia.
- Será preciso presentar unha memoria da estancia cun marxe de 15 días dende o final da residencia.
- Farase constar a imaxe do Colectivo RPM, da Xunta de Galicia, do AGADIC e do propio espazo anfitrión, no material de difusión do proxecto presente e futuro.
- Será necesario participar do encontro anual co resto de artistas residentes os días 23, 24 e 25 de setembro de 2022 na Illa de San Simón.

5 PROCE- SO

Formulario de inscripción online

Prazos

- A convocatoria está **aberta entre o 7 e o 28 de febreiro de 2022**.
- A selección farase pública na web do Colectivo RPM a finais de marzo de 2022 trala confirmación co grupo de artistas seleccionado.

Selección

- A selección do espazo de residencia para cada un dos proxectos seleccionados pola comisión levarase a cabo tendo en conta as características fundamentais de cada proxecto así como a dispoñibilidade de datas do/a artista e do espazo. O criterio de adxudicación tentará proporcionar tanto a tipoloxía de espazo desexado pola persoa ou colectivo solicitante como o período idóneo para a estancia en residencia, pero non é posible garantilo.
- En función dos proxectos presentados e da dispoñibilidade dos espazos algunhas residencias poderían quedar desertas.

Documentación necesaria

- **Proxecto.** Documento cos detalles da investigación ou proxecto a realizar, nomeando, se fose o caso, outros colaboradores ou apoios cos que conte o proxecto (máximo 5 páxinas).
- **Traxectoria.** Documento coa traxectoria das persoas involucradas no proxecto (máximo 2 páxinas).
- **Programación expandida.** Documento explicativo das posibilidades de apertura do proceso creativo á cidadanía (prácticas colectivas, encontros, mostra do traballo en proceso, conferencias, etc...)
- Os documentos incluíranse no formulario de inscripción online por medio dun enlace de descarga.
- Documentos en **galego, español ou portugués**.

O martes 15 de febreiro de 11h a 12h Colectivo RPM realizará unha sesión informativa online aberta, para resolver dúbidas ou cuestións específicas sobre a convocatoria. Podes sumarte [nesta ligazón](#).

6

CRUCEI- ROS PA- RAÍSO

Cruceiros Paraíso é un capítulo expandido do programa de Residencias Paraíso que nos serve para tecer pontes con outros contextos e seguir brindando apoio ao tecido artístico galego ao longo do ano, máis alá da convocatoria anual. Atopa na **movilidade, o contaxio con outros territorios e a contaminación entre artistas**, a súa razón de ser.

Así, artistas de distinta tipoloxía puideron coñecer outros territorios e empaparse doutras realidades nos últimos anos a través desta liña de apoio que dende 2020 se articula a través da figura das **socias-amigas** de Colectivo RPM; un corpo colectivo –en saborosa definición– de persoas vinculadas ás artes vivas e a creación contemporánea en Galicia.

Cruceiros Paraíso abrirá a súa propia convocatoria en primavera para brindar soporte a socias-amigas que precisen desprazarse a outros territorios para facilitar oportunidades de cruce entre artistas e proxectos de dentro e de fóra da península.

Grazas a colaboración co **Auditorio de Galicia**, institución co-produtora do programa, organizarase unhas xornadas específicas adicadas a Cruceiros Paraíso a fin de semana do **7 e 8 de maio 2022**.

Residencias Paraíso é un proxecto de **Colectivo RPM** en colaboración coa **Xunta de Galicia**, a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**.



Está co-producido polo **Concello de Santiago**, o **Concello da Coruña**, o **Concello de Lugo**, o **Concello de Ferrol**, o **Concello de Carballo**, a **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia** e a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**.



E conta coa colaboración de:

